

UN ACERCAMENTO Ó IMPOSTO DE BANASTRERÍA EN PONTEDEUME

Xosé M^a Veiga Ferreira

INTRODUCCIÓN

O Concello de Pontedeume gozou durante moito tempo, dentro dos propios da vila, do imposto de banastrería, que consistía no monopolio das banastras, usadas para transportar o peixe, sobre todo sardiñas, a outras partes do territorio español. Ningún mercader nin tratante en sardiña podía mercar outras banastras que non fosen as do Concello, quen requisaba todas aquelas que estivesen sen a correspondente marca. Era pois un gravame sobor da industria da pesca, que foi durante moitos anos unha das actividades máis importantes da vila¹.

A vida económica de Pontedeume dependía en boa parte dos recursos do mar, non hai que esquecer que preto dun tercio da poboación estaba adicada a esta actividade. A sardiña era a que representaba a maior riqueza productiva e atraía cara a Pontedeume un importante número de mercaderes de moi distintas partes, principalmente maragatos e incluso comerciantes de Vascongadas e Asturias².



AS BANASTRAS

Era unha cesta grande de figura prolongada e con tapa, feita de listas de madeira entrelazadas, preferiblemente de castiñeiro por ser madeira máis flexible e menos pesada que a do carballo, dunha feitura parecida ós goxos, salvo que estes son feitos de vimbios e sen tapa³.

Podían ser de varios tipos, aínda que as máis usadas eran as chamadas abadengas e maragatas, as primeiras de maior capacidade que as segundas, que eran un pouco máis baixas, pero as

1. Os expedientes relativos a este imposto destacan dentro da documentación do Arquivo Municipal de Pontedeume, sobre todo na sección adicada a facenda, pola súa cantidade, homoxeneidade e continuidade ó longo dos anos.

2. MEIJE Pardo, Antonio (1993).

3. SANCHEZ SANZ, M^aElisa (1982). VVAA (1884) e RODRIGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958).

dúas con tapa. Nalgúns dos documentos deste imposto fálase da forma e tipo das banastras e do control que se exercía para que se cumprisen os requisitos necesarios na súa construción, así nun expediente do ano 1656 dise:

*"...las banastras altas las bendera a precio de tres reales cada par siendo de ami - llar y medio y las de a millar a dos reales y medio cada par las cubiertas baxas con su cubierta de agua (Zinc) millares cada par con cuatro Mrs..."*⁴

O control que se exercía na capacidade e forma que debían ter as banastras ponse de manifesto nos contratos que se facían ós banastreiros. O arrendatario do imposto, e despois o Concello, facíanlles contratos ós banastreiros ou cesteiros dos arredores, os que se comprometían a entregar un número determinado delas; nestes documentos ou contratos era normal que se fixese mención do exame que se realizaba no momento da entrega na Casa da Banasterería:

"...obligandose a entregar 2300 banastas dos mil abadengas y 300 maragatas unas y otras bien hechas del porte y medida que se acostumbra a vista de maestros echas y fabricadas en toda forma..."

*"...de azer y fabricar a sus mercedes Justicias y rregimiento desta Villa y dho Procurador Jeneral es a saver quinientas banastas abadengas y ciento maragatas bien hechas a vista de Maestros del altor y anchor que se acostumbran segun asta aora se han hecho..."*⁵

Nestes contratos mencionados cos cesteiros ou banastreiros só aparecen estes dous tipos que eran os máis usados, as banastras altas ou abadengas de a millar e medio e as banastas baixas ou maragatas de a millar, tamen coñecidas popularmente como *millaricos*.

O uso destes dous tipos foi cambiando ó longo dos anos, así temos que no século XVII se comerciaban máis as banastras maragatas, e no século XVIII a maioría das que se usaban eran as abadengas⁶, debido a factores comerciais da pesca e en xeral das sardiñas.

Había outros tipos de recipientes que tamén se comerciaban na Casa da Banasterería, pero en moita menor medida como a media banastra, e outras que existían pero só de forma testemuñal como a banastra zamorana, banastra de escabeche e por último os barrís usados no empipado.

Actualmente non queda nin lembranza deste imposto -nin falta que fai- pero o máis penoso é que entre os poucos artesáns cesteiros que quedan tampouco se lembran as formas e medidas das banastras. Don José Pereiro o *Cesteiro da Pena* en Cabanas lembraba unicamente os *muñicos*, pero a súa produción estivo máis vinculada coa agricultura que coa pesca. Dos cesteiros de

4. AMP. Expts. de Banasterería. C-152.

5. AMP. Expts. de Banasterería. Ano de 1717 e 1755. C-154.

6. AMP. Expts. de Banasterería. C-154, 155, 156 e 157.

Pontedeume lembrábase dun famoso artesán coñecido por *Bergueiro*, que morreu no ano 1908, e tamén dun que había na Cruz do Cabildo que traballaba nas cestas do peixe e ía con elas a Ferrol, pero ás cestas que facían chamábanlles *manjarreños*.

Consultamos no lugar de Lagares (Monfero), onde sempre tiveron fama de bos cesteiros e nalgún tempo foi sen ningunha dúbida esta industria un dos piares importantes da súa economía. Actualmente quedan dúas persoas que simultanean a súa actividade principal coa cestería, da que fixeron exposicións do seu traballo hai algúns anos en Pontedeume.

Lembraban facer, hai bastantes anos, unhas cestas altas para peixes con madeira de carballo, que no fondo eran máis estreitas con varas anchas ben apertadas, as vergas eran moi longas e íanse abrindo ó final ata chegar á boca do cesto, onde se colocaban dúas asas ou unha especie de aro vincado.

A ORIXE DO IMPOSTO

Segundo tódolos indicios comezaríase a aplicar o Propio de banastrería na mesma época en que se fundou a vila de Pontedeume, no ano 1270, data na que se concederon privilexios por parte do rei Alfonso X para poboar o lugar que chamaban de Ponte do Eume, privilexios que foron confirmados sucesivamente por varios monarcas posteriores como Fernando IV, Alfonso XI, Pedro I, Enrique II, Juan I e Enrique III.

"...para este Arbitrio tiene la Villa el privilegio que obtubiron los vezinos de ella en la era de 1308 concedido por las Magestades de los Reis y señores D. Alonso y DªBiolante, con sus hijos el Ynfante don Fernando primero heredero D. Pé D. Sancho, y D. Jaime por el que se espresa que los ombres de la tierra de Pruzos y Besoucos y otras feligresias que en el se contienen se ynbiaron a querellar a sus Magestades muchas vezes que recibian muchos... omes mal fechores que lles roban e tomavan o seu sin su plazer pidiendo merced que les diese un lugar qual tubiese por vien en que poblasen e les otorgase los realengos e todos los derechos que S.M. avia e dovia azer en esta tierra e felegresias dhas e por les fazer vien e mercede, e por que la tierra sea mejor e poblada, e se mantenga mas en justicia le dio y otorgo los sus realengos e todos los derechos que avia e devia aver en esta tierra y en estas feligresias que los aian libres e quitos para siempre Jamas salbo el padronazgo de las sus yglesias e que ellos aian las rentas de ellos la que solian dar a su Magestad o al rico ome que la tierra tenia y otras mas cosas que el espresa prosiguiendo en que estos derechos e realengos da en tal manera que ellos pueblen el lugar que dize Puente deume e que fagan vila; otorgandoles entre otras mas cosas el fuero de Vena Vente porque se Juzgue e los que se alzasen de los Juicios de esta puebla quese alzen al Rey y no a otro lugar alguno. Otro si les otorga que fagan mercado cada mes e todos aquellos que bengan e baian seguros asi como atodos los mercados del Reino.

E por estas cosas sobredichas que les dió su Magestad an de darle cada año a quien la tierra tubiere por si la mar (tentega) como manda el fuero de Venavente e quinze maravedis al Rico ome que la tierra tubiere quando, y fuere una vez en el año, e otros tantos al merino que andubiese por su magestad...⁷

A documentación relativa a este imposto que aparece no Arquivo Municipal remóntase ó ano 1614, data en que aparece o primeiro expediente. Hai que ter en conta que o día 11 de agosto de 1607 se produciu un grande incendio na vila, desaparecendo nel a maioría dos documentos do arquivo⁸. O que coñecemos son referencias e alusións á data do privilexio de Alfonso X; así no primeiro expediente de banastrería aparece o seguinte argumento en defensa dos privilexios que ten concedido á vila:

"...desde tiempo inmemorial a esta parte...y sus sucesores... confirmando unos en pos de otros...privilexios desde el año de mill y trescientos ocho como consta en los papeles compilados con que estos no se consideran rentas reales ni incorporados en la corona Patrimonio rreal suio rrentas y propios de dicha villa en quien sus arrendamientos no pueden tener entrada la puja de la diezma ni media diezma...⁹

Outro testemuño que fai alusión á mesma data do comezo por parte do Concello do usufructo dos seus privilexios entre os que estaba o imposto de banastrería, é o que dá don Gregorio Sánchez de Andrade¹⁰, comisionado que foi a mediados do século XVIII, para a *composición de los papeles del archivo de dicha villa*, o cal nas súas anotacións di o seguinte:

"Tiene esta villa el derecho de Banastería que trahe fieltad por no poderse arendar en cota fixa a causa del pender su utilidad en la pesca de sardina, y no la haviendo, no habrá ninguna, para lo qual los señores Justicia, y regimiento de la villa dan a dicho Fiel con quenta y Razon las banastas que compran para despues proveer a los arrieros y traficantes . Consta por quantas que se han thomado a los fieles hallarse dicha villa en la Posesion de percivir el referido derecho del qual al presente no se halla en este archivo ningun privilegio, mas del que va echo expresión hizo el señor Rey don Alfonso, en la era de 1308 que corresponde al año del nacimiento de nuestro Redemptor Jesu-christo 1270 por donde dio, y otorgo a los Pobladores de esta villa los sus realengos, e todos los derechos, que había e devía haber en esta tierra, y en estas feligresías para que las aian libres...¹¹

7. GONZÁLEZ, J. (1942). RUIZ DE LA PEÑA, J. (1970). GARCÍA GALLO e LOPEZ FERREIRO, A. (1901).

8. AMP. Documentos relativos ó Arquivo Municipal. C-79.

9. AMP. Expts. de Banastrería. C-152. Aínda que no documento aparece o ano de 1308, hai que facer a salvidade que a data indicada corresponde á era de 1308 que sería no actual calendario o ano de 1270.

10. Don Gregorio Sánchez de Andrade estivo encargado no século XVIII da composición dos papeis do Arquivo Municipal. A el débémolle unha serie de anotacións de gran importancia e interese que nos serven para un mellor coñecemento da vida, costumes e historia da vila de Pontedeume.

11. AMP. Libro Rexistrador de Propiedades do Concello. C-454.

A CASA DE BANASTRERÍA

Dispoñía o Concello dunha casa que chamaban de banastrería, onde o fiel nomeado para tal fin administraba, almacenaba, marcaba e vendía as banastras. Estaba situada ás costas do edificio do Concello, que actualmente forman parte do mesmo edificio.

Da Casa de Banastrería fainos referencia don Gregorio Sanchez de Andrade nas súas anotacións sobre as propiedades do Concello:

"Tiene esta villa una hermosa plaza cuadrada, y a la parte del levante de ella las casas consistoriales que se componen de una sala vaja donde los Señores Alcaldes hacen las audiencias comunes y oíen a las partes en los juicios, que controbierten; un Salon en la parte Superior con su balconada, que dice a dha plaza donde se hacen los alistamientos y una torre donde se alla el Relox, que es de tan buena calidad como el de qualquiera ciudad, a excepción del de la Santa Yg^a compostelana y a espaldas de dhas Casas consistoriales tiene esta Villa otra que sale con su delantera a la calle, que llaman de los erreros, y comun mente le llaman Casa de la Banastería la qual no produce ninguna cosa por servir de hordinario para el recogimiento de Banastas, y quartel de soldados.."¹²

A dita casa servía frecuentemente como cuartel de soldados, do que temos abundantes testemuños na documentación do arquivo municipal, onde aparecen sobre todo referencias ós destrozos ocasionados pola tropa alí albergada, incluíndo abondosas facturas para o seu arranxo.

Non nos consta que o local fose destinado a outros fins dos xa citados durante o tempo que durou o imposto de banastrería e xa rematado este, seguía estando libre ata o ano 1849 en que foi arrendado a Juan Varela¹³.

OS BANASTREIROS

A condición dos arrendadores deste imposto variou ó longo dos anos. Nun primeiro momento e ata a metade do século XVII eran por norma xeral artesáns cesteiros que facían eles mesmos as banastras que vendían, aínda que en ocasións tivesen que recorrer a outros membros da profesión. Así Santiago da Barreira, que tivo o arrendamento en dúas ocasións, unha delas de 1614-1617, que aparece en todos os documentos públicos como mestre de cestería, o mesmo que Juan Ferreiro de 1628 a 1631, ou Juan Martínez que desempeñou esta función entre 1623 e 1631.

12. Ibídem

13. AMP. Contas de Propios, Arbitrios e Consumos. C-132.

Posteriores rematantes como Juan de Vilacoba (1654-56), Francisco Gómez (1656-59) ou Francisco Vázquez (1677-80), xa non aparecen como cesteiros.

A primeira e principal función que debían cumprir era de estar abastecido de banastras e vendelas a todo aquel que as necesitase, polo que lle era necesario contratar cesteiros dos arredores ou mercar as banastras ó mellor postor. No caso de que houberse contratos cos banastreiros non se conservan, aínda que o máis probable é que fosen contratos de palabra. Será máis tarde, no século XVIII, en que se fixo cargo o Concello da súa administración, cando aparece algún destes contratos, así por exemplo o realizado polo Concello ó cesteiro Silvestre de Allegue (*o Mozo*):

"En la villa de Puente deume, a doze dias del mes de marzo de mill setecientos cinquenta y cinco a presencia de su merced el señor Lizenciado Don Felix Pardo abogado de la rreal audiencia deste rreino y alcalde hordinario desta dicha villa de Puente deume y su Jurisdición y de Francisco da Bouza Procurador Jeneral en ella y de los ttestigos avajo escrittos pareció presente Silvestre de Allegue el moso vecino desta Villa y dijo se obligava y obligó con su persona y vienes muebles y rraizes avidos y por aver de azer y fabricar ...Quinientas banastas abadengas y Ciento maragatas bien echas a vista de maestros del alttor y anchor que se acostunbran segun asta aora se an echo puestas a su costa en la Casa de la banasteria de dicha Villa por principios de Agosto que viene deste presente año a que consiente ser compelido; y a su costa y pagar las que sobre dello se ocasionaren con la conducción de que se le a de pagar por cada ciento de la abadenga a cien rreales y de la maragata a setenta rrs y la mitad del inporte de todas ellas aora prontamente y la otra mitad al tiempo que entregare la otra mitad de dicha banasta que a de aser para fin de septiembre de dicho año y no cunpliendo lo rreferido consiente que sus mercedes, dicha justicia busquen a su costa otros maestros que agan dichas banastas en la forma rreferida y para que lo cunplirá y averá por firme dijo dava y dió ttodo su poder cunplido a los Juezes y justicias seglares de su Magestad y a su merced dicho Alcalde hordinario para que se lo agan cunplir..."¹⁴

Outra función a realizar era a marca das banastras, que cun ferro quente marcábanse cun "B", esta marca servía para indicar que eran da casa da banastería. Temos algunha noticia das marcas usadas como esta do ano 1716:

"Antonio Garcia Errero Vezino de la Villa del Ferrol dize a Vuestas mercedes que en el año pasado de mill setezientos y diez y seis por Vuestas mercedes se me han encargado seis marcas de yerro con su letra B para marcar las Vanastas en la Casa de la Vanasteria della las quales he ajustado con Luis Rodriguez de Castro procurador General que en dicho año ha sido a siete reales y medio por cada una que hazen sesenta reales; los quales asta aora no se me han pagado, y al mismo respecto hize para la Villa de Ares, y Puerto de Mugar dos..."¹⁵

14. *Ibíd*em

15. *Ibíd*em

Esta marca impedía a introducción doutras que non estivesen suxeitas ó dito imposto, tendo en conta que non se podía coller nin carrexar peixe en ningunha banastra que non fose das do Concello.

Dos contratos feitos ós banastreiros poidemos sacar unha pequena lista destes artesáns nas que, xunto con algún contrato esporádico, hai outros que son familias que durante moitos anos abasteceron de banastras a Pontedeume.

Banastreiros que tiveron contratos para abastecer a casa de banastrería, anos en que realizaron os traballos e lugar de procedencia:

Allegue, Francisco (1756-1766). Porto.
Allegue, Silvestre de (1740-1756). Porto.
Anca, Andrés de (1737-1740). Porto.
Anca, Antonio de (1714-1729). Porto.
Anca, Domingo de (1751-1756). Porto.
Bajoeiro, Andrés (1766). Porto.
Balseiro, Manuel (1724-1751). Porto.
Carpente, Antonio (1766). Pontedeume.
Díaz Paz, Juan (1729). Ares.
Díaz, Domingo (1714-1756). Breamo.
Dios, Joseph de (1737). Redes.
Dios, Pedro de (1684). Betanzos.
Fariña, Mathias (1687). Betanzos.
Freire, Alonso (1686). Pontedeume.
Freire, Juan (1684-1724). Pontedeume.
García, Francisco (1686). Betanzos.
García, Francisco (1724). Porto.
Gómez, Domingo (1729). Pontedeume.
Grey, Juan (1714). Pontedeume.
Leira, Pedro de (1751-1766). Vilar.
Lorenzo, José Felipe (1684-1686). Pontedeume.
Lorenzo, Roque (1684-1700). Pontedeume.
Mariño, Andrés (1684-1700). Pontedeume.
Meilán, Antonio (1684-1687). Pontedeume.
Paz, Antonio (1724). Pontedeume.
Paz, Pedro (1724). Pontedeume.
Pérez da Veiga, Manuel (1714-1756). Pontedeume.
Pérez, Nicolás (1766). Porto.
Pernas, Antonio (1686). Pontedeume.
Quintana, Nicolás de (1724-1756). Pontedeume.
Rio, Francisco del (1751-1756). Pontedeume.
Rodríguez, Alonso (1690). Betanzos.

La Ilustración Gallega y Asturiana.
Debuxo ó natural de don José Cuevas.



Tobias, Alonso (1687-1700). Pontedeume.
Vaamonde, Pedro (1737-1751). Porto.
Veloso, Antonio (1687-1700). Pontedeume.
Veloso, Domingo (1687-1700). Pontedeume.
Veloso, Silvestre (1683-84). Pontedeume.
Vilela, Andrés (1693-1700). Pontedeume.
Villa, Domingo de (1766). Porto.

O ARRENDAMENTO

Como a maior parte dos impostos municipais no antigo réxime, a banastrería sacábase a pública subhasta deixándose en arrendamento ó maior postor. Deste xeito o Concello obtiña unha cantidade fixa por parte do arrendatario correndo este cos riscos do negocio. Os contratos facíanse todos por un tempo determinado, sendo o normal un período de 3 anos. O arrendatario comprometíase a dar abastecemento á vila dos produtos incluídos no imposto que eran todo tipo de banastras, esteiras e cordas.

Os pasos a seguir para facer o remate do imposto consistían na fixación de cédulas na praza pública e lugares habituais, convocando ós rematantes para un día determinado, que viña sendo a finais de decembro ou primeiros días de xaneiro. Ese día celebrábase a poxa na praza ás portas da casa do concello, estando presentes o alcalde maior e o alcalde ordinario. Acendíase unha candeia de cera, que mentres non se apagaba era o tempo do que se dispoñía para facer as poxas, adxudicándosele ó maior postor no momento en que se apagaba a candeia.

O arrendatario e dous fiadores respondían de dar cumprido o abasto de banastras, esteiras e cordas nos anos que durase o contrato, que eran xeralmente tres, así como do pagamento da cantidade estipulada no arrendamento. As ganancias dependían da abundancia de sardiña e doutros motivos - como xa se verá.

O prezo do arrendamento ou remate mantense practicamente uniforme desde 1623 ata 1659, limitándose a oscilar entre os catro mil réas que pagaba Juan Martínez en 1626 por un período de tres anos e os cinco mil réas que pagou Francisco Gomez en 1659 polo mesmo período de tempo.

UN TRISTE EPISODIO

A alza máis importante acontece no ano 1677, no que a adxudicación do remate non estivo moi clara. Foi unha loita entre Francisco Vázquez e Cristóbal Marmolexo, que subiron o remate a unha cifra nunca antes coñecida de 7.000 réas cada ano. Adxudícaselle nun primeiro momen-



Pontedeume arredor de 1920, do Catálogo da exposición: Galicia a principios do s. XIX (colec. postais). Arquivo do Reino de Galicia.

to a Cristóbal Marmolexo, pero por unha reclamación de Francisco Vázquez, que subiu a poxa unha vez xa rematado o prazo, fixo que fora este quen se fixera co arrendamento da banastrería. O asunto entre os dous contendentes pasou a ser entendido pola Real Audiencia.

Sería esta unha loita infructuosa, xa que estes foron os peores anos, economicamente falando, do século XVII. A esperanza de poder quitar unha boa tallada con este negocio vai rematar nun tremendo fracaso que traería a miseria e o cárcere para o rematante e os seus fiadores.

Estes anos de crises foron debidos a dúas causas: en primeiro lugar a falta de pesca de sardiña e en segundo lugar unha causa máis xeral a toda a economía como foi a baixa da moeda. O ano de 1680 foi desde todos os puntos de vista o ano fatal do reinado de Carlos II; en febreiro chegou a gran devaluación monetaria, que tivo efectos devastadores ó longo de varios meses. A deflación ou reabsorción de circulación de vellón non se produciu sen drama, as xentes humildes quedaron privadas da súa moeda ordinaria o que influíu negativamente no comercio e en toda a economía. Por outro lado, os debedores que pediran prestado en tempos de mala moeda víronse obrigados a reembolsar os préstamos na nova moeda, que valía dúas veces máis, orixinando a creba de moitos deles¹⁶.

16. KAMEN, Henry (1981). LYNCH, John (1975). DOMÍGUEZ ORTIZ, Antonio (1979)

Así pois, empezaron os problemas para o arrendatario do imposto; en 1680 o Concello reclamoulle o importe referido dos tres anos que Francisco Vázquez non puido pagar. No mes de novembro é conducido ó cárcere público xunto cos seus fiadores Juan Ares de Vilacoba e Antonio Basante, embargábonselles os bens mobles, que se sacaron á venda en almoeda pública no 1681.

Neste mesmo ano, Francisco Vázquez pídelle ó Concello que se lle faga unha rebaixa no importe da débeda:

"...de caridad en ello acerme la baxa que fuera justo y fueran servidos amparan - dome como becino y basallo y no me acabe de destruir de todo, pues ya no ay por donde comer...".

O Concello celebrou unha xuntanza coa participación dos veciños para que estes puideran dar a súa opinión no referente a este asunto. A maioría optou por ser contrarios á baixa do imposto:

"...dixeron no se hiciese ninguna Baja al dicho Francisco Vazquez, y que pagase a esta dicha villa todo lo que le devía de renta de la banastería que si tubiera en ella mucha ganancia no iba debolver nada..."

Alegou á Real Audiencia para que lle fose reducida a conta que debía pagar, presentando varias testemuñas da mala época que lle tocara en sorte. Así unha das testemuñas por el presentadas expresábase nos seguintes termos:

"...la renta de la banastería de dicha villa no a thenido util alguno...ni en todos ellos hubo pesca de sardina ni ansi mismo por esta causa se an vendido banastas algunas, y ademas de lo referido sobrevino la Baja de la moneda dicho año de ochenta por varias causas. En la villa de Ares y otras partes se hizo vaja a los arrendatarios de la renta de banastería y otras; y de como dicho mi parte a empleado enorme cantidad de dinero en las banastas esteras y cuerdas y para ello bendio la mayor parte de su acienda y por la falta de dicha pesca de sardina no pudo venderlas y se an podrido y dañado sen que sean de provecho alguno, por cuyos acidentes esta dicho mi parte pobre y perdido...".

Cesteiro das Mariñas,
de finais do s. XIX.



Redúceselle finalmente a cantidade que se debía pagar: dos vinte mil réas que debía quedoulle na metade, que foi pagando a prazos según consta nas libranzas feitas a favor deste.

Malia este problema a banastrería seguíuse alugando. Así en 1680 arréndase a Manuel de Tiras, pero polo acontecido anteriormente especificábase neste novo contrato o seguinte:

"...Aunque subceda caso de esterilidad por pocas o muchas aguas piedra niebla fuego peste guerras falta de sardina que la aya o no la aya ni por otros ningun casso que subceda pensado o no pensado cassos onopinados y no pensados y mas que puedan subceder lo que nuestro señor no permita que ni por eso an de poner les quento alguno a las dichas pagas sino quelas an de acer llanamente y decon - tado sobre que rrenunciaron las leys que ablan en rraçon de las esterilidades de los arrendamientos y mas que ablan en su favor en toda forma se apartan dellas..."

Non poderá acabar o arrendamento feito por tres anos xa que morreu ó pouco tempo. Volveuse a arrendar en 1681 a Bartolomé Rodríguez, que será o último arrendatario deste imposto.

FIEL DE BANASTRERÍA.

A partir de aquí este imposto vai depender directamente do Concello, quen nomeaba unha persoa para realizar o traballo e que se denomina *Fiel de Banastería*, que era un empregado, pero á parte deste tiña en esencia as mesmas funcións que os anteriores arrendatarios.

A estes fieis facíaselles un contrato no que se estipulaban as condicións polas que se deberían rexer. Como exemplo o realizado a Juan Paz de Mella no ano 1716:

"En la villa de Puente deume a veinte y un dias del mes de jullio de mill settecien - tos y diez y seis por ante mi escribano Su mz Don Gabriel antonio Pineyro de Ulloa Alcalde Hordinario desta Villa y su jurisdición con asistencia del regidor Don Andres Mosquera Luis Rodriguez de Castro procurador General dijeron que por quanto se ha tomado la quenta a Bernardo Cavarcos fiel que ha sido de la Banasteria de esta Villa de lo que estubo a su cargo y pertteneciente a ella y por motivos que sus mercedes Justicia y rregimiento an tenido le an despidido de dicho oficio y el dia diez y nueve del corriente en el ayuntamiento que an zelebra - do nombraron por nuevo fiel de dicha banasteria a Juan Paz de Mella Vezino desta villa con la obligazion de servir dicho oficio y por razon de su salario al año Ciento y sesenta Reales con calidad de que havia de hazer obligazi3n de dar quen - ta de ttodo El ynporte que produjeren las Banastas asi Maragattas como avaden - gas Cuerdas esteras tapas y Banastas de escaveche que le fueren entregadas ven - diere y consumiere En la casa de la vanasteria de dicha villa presente dicho Juan Paz de Mella que dijo Cumpliendo que lo acordado por dichos señores se obliga - va y obligó con su persona y vienes muebles y rayzes avidos y por aver de dar quenta de todas las Vanastas avadengas Maragatas de escaveche tapas cuerda esteras grandes y pequeñas que le fueren entregadas en dicha casa de la Banasteria a los precios que están señalados y asistirá asi de noche como de dia en dicha Cassa a vender los generos sin (remora) Alguna y dar la quenta de su pro -

*duto en los meses que por sus mercedes le fuere pedida asi de lo que estubiere con - sumido como en ser mientras corriere con dicho oficio..*¹⁷

Faise constancia no texto que o fiel debe presentar as contas detallando os ingresos e os gastos. Estes fieis de banastrería xa non se encargarán do trato cos banastreiros ou da compra de banastras, que realiza xa directamente o Concello.

O RENDEMENTO DO IMPOSTO

As ganancias con este imposto eran bastante importantes. Aínda que non posuímos datos anteriores a 1656, a partir de aquí si atopamos algúns que, aínda que de forma esporádica dan unha idea bastante aproximada.

Hai que partir da base que os prezos de venda na Casa de Banastrería non eran libres, viñan prefixados polo Concello. Practicamente se mantiveron constantes ó longo de todo o período estudiado, así o prezo do cento de banastras abadengas foi de 250 Rs. dende 1687 ata o final do imposto arredor de 1766. O mesmo sucedeu coas banastras maragatas, en que o prezo foi de 150 rs o cento ó longo destes anos, malia a inflación.

As variacións máis importantes no prezo de venda acaeceron entre os anos de 1677 a 1684, que foi debido ó cambio de moeda e a deflación como xa se explicou. Pola súa parte os prezos a que se lles pagaban as banastras ós banastreiros segue a evolución normal dos prezos.

Prezos (reás o cento) a que se mercaron as banastras ós banastreiros e venderon na Casa da Banastrería:

Anos	B. Abadengas	B. Maragatas
	<u>Compra / Venda</u>	<u>Compra / Venda</u>
1656	150	100
1677	300	175
1681	300	200
1684	50 / 150	44 / 106
1687	50 / 250	44 / 150
1689	57 / 250	46 / 150
1724	50 / 250	42 / 150
1737	60 / 250	46 / 150
1744	64 / 250	52 / 150
1751	80 / 250	60 / 150
1755	100 / 250	70 / 150
1766	125 / 250	75 / 150

17. AMP. Expts. de banastrería. C-154.

Pódese contemplar con estas cifras o gravoso deste imposto, que viña a significar un 300% sobre o valor das banastras, ata mediado o século XVIII en que empeza a decaer na súa importancia.

O número de banastras vendidas variaba segundo o ano, polo que habería que facer un seguimento anual para o que non dispoñemos de datos suficientes, pero normalmente oscilaban entre 2.500 a 3.500 banastras abadengas vendidas.

Nos últimos anos do imposto vese un aumento nas vendas destas banastras, pero hai ó mesmo tempo un descenso das banastras maragatas, que pasan das aproximadamente 3.000 vendas anuais a principios do século XVIII a escasamente 500-700 dende 1740 en adiante.

A MEDIA BANASTRA, TAPA, ESTEIRA E CORDA

Derivado da banastrería aparece este imposto, coñecido popularmente como a *perdida*. Hai noticia del desde finais do século XVII, incluído dentro do imposto de banastería, e a principios do século XVIII aparece como independente¹⁸.

Séguese o mesmo sistema que para o da banastrería, aínda que, a diferenza da anterior, aparece sempre arrendada mediante un contrato como na primeira época da banastrería, pero o importe e considerablemente menor. Nalgúns documentos hai referencia ó dereito de empinado que pertencería tamén ó de media banastra¹⁹.

PROBLEMAS COAS RENDAS REAIS

Os problemas co goce deste imposto por parte do Concello comezaron cedo. Xa no 1706 un Real Decreto se valía dos propios dos pobos para a urxente defensa dos Reinos, insistíndose no mesmo motivo no ano 1711, cando se pide unha relación dos propios das vilas. Aínda non se esquecera o que pasara coa *Diezma de la mar*²⁰, da que gozara a vila de Pontedeume ó longo de moitos anos e que xa pasara a engrosar as rendas reais.

Pontedeume protesta polo que considera un menoscabo dos seus dereitos e privilexios, aducindo que é un imposto imprescindible para os arranxos da ponte, e presentando os privilexios da vila, onde constaba o imposto de banastrería. Malia isto, tería que ceder un tercio das ganancias entre os anos 1706 a 1716, finalizado o cal quedou libre de contribuír²¹.

18. AMP. Expts. de Propios e Arbitrios.

19. AMP. Documento de Propios 1765. C-127.

20. Esta contribución remata no 1671. AMP. Expts. relativos a *Diezma de la mar*.

21. Unha relación pormenorizada deste asunto fainola don Gregorio Sanchez de Andrade. AMP. Libro Rexistro de Propiedades do Concello. C-454.

O FINAL DO IMPOSTO

Os últimos documentos de banastrería chegan ata o ano 1766, en anos posteriores xa non se cobrou este imposto. Hai soamente algunha referencia dentro do Libro de Acordos da Xunta de Propios á necesidade de remover o imposto das sardiñas, pero non aparecen máis contas referidas a el. Seguíuse cobrando durante algúns anos máis o de *tapa, cuerda y estera*, que chegará ata o ano 1781²².

Quedaron na Casa de Banastrería unhas cantas banastras, das que durante varios anos se facerá mención da súa existencia dentro das contas de propios, ata finais do século en que quedan definitivamente excluídas²³.

As causas do declive deste imposto foi a progresiva industrialización da pesca, que aconteceu na segunda metade do século XVIII. Factor importante neste foi a introducción dos cataláns nas costas galegas e o cambio que trouxeron consigo nas artes e explotación da pesca²⁴.

Modifícanse a partir deste momento a estrutura de actividades así como os sistemas de elaboración e conservación, coa introducción dunha nova tecnoloxía máis productiva e rendible que a tradicional. Unha mostra desto é o cambio nas artes de pesca, valíanse de xávegas, bous e boliches en contraposición coas artes máis tradicionais dos pescadores galegos que usaban rapeta, chinchorro, traíña, cedazo e xeito.

Esta presenza de comerciantes cataláns en Pontedeume vémosla constatada nos documentos municipais xa do ano 1755 e posteriores²⁵. Así neste ano chegaron catro embarcacións que se dedicaron a faenar na sardiña, levantando almacéns no areal da vila. Comentase así mesmo a lesión que lles supoñía ós intereses dos pescadores e mercaderes da poboación, ademais de ás arcas municipais xa que collían sardiña e a embarcaban para comerciala noutros lugares, negándose a pagar o imposto de banastrería.

Na década dos anos sesenta incrementouse o afinamento de negociantes cataláns que simultaneaban o tráfico de sardiña coa introducción de viños do seu país. Don Antonio Meijide²⁶ fai mención de varios destes comerciantes como Ramón Rafols, Josep Solé, Josef e Tomás Vadell,

22. AMP. Libros de Acordos da Xunta de Propios de 1781.

23. AMP. Contas de Propios e Arbitrios destes anos.

24. Son numerosos os traballos publicados sobre a influencia dos cataláns na Galicia do século XVIII, de entre elas recolle-mos os seguintes: BEIRAS, X. M. (1972); ALONSO ALVAREZ, L. (1977); CALO LOURIDO, F. (1980); GARCIA BAYÓN, Carlos (1967); MEIJIDE PARDO, A. (1958); e en concreto para Pontedeume MEIJIDE PARDO, Antonio (1993).

25. AMP. Libros de Actas Capitulares de 2 de nov. de 1755 e 7 xullo, 20 de agosto de 1757. C-4.

26. MEIJIDE PARDO, Antonio (1993).

Jaime Moret, Cristóbal Solé, e posteriormente na década dos oitenta Josep Illá, Juan Fontanals, Robert e Josep Guasch.

A perda de importancia e a posibilidade de desaparición do imposto de banastrería xa se puxo de manifesto no 1765, no que se di:

"...por el día treinta de junio pasado se finalizó el arrendamiento de ttapa cuerda y esttera y derecho de media banasta, por no aver avido posttor a ello acordó la Villa se pusiese en administración dando quenta a su señoría el Señor yntendente General deste reino, y expresandole, que los mottivos, que avia por no haver pos - turas, eran el de que los Cattalanes se rresisttian de pagar el derecho de ympipa - do pertenziente al citado propio de media vanasta, y su señoría rrespondio de que este rrecurso y question de la Villa de Ares con los Cattalanes, se hallava pendiente de rresolucion..."²⁷

Unha Real Orde de 18-2-1784 deixa finiquitado este imposto:

"Que los pescadores, tragineros, ó sugetos particulares que fomentan la pesca, ten - gan la libertad de valerse de las banastas, barriles ú otros utensilios ó recipientes, de que proveen algunos pueblos para las conducciones ó transportes de los pes - cados del Reyno en virtud de concesiones ó privilegios particulares, siempre que les convenga, ó de usar libremente de las banastas, barriles ú otros utensilios que hagan de su cuenta para el fin..."²⁸

BIBLIOGRAFÍA.

- ALONSO ALVAREZ, L.: *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen*. Madrid, 1977.
- BEIRAS, X. M.: *O atraso económico de Galicia*. Vigo 1972.
- CALO LOURIDO, F.: *As artes de pesca*. Santiago, 1980.
- CORNIDE, J.: *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Madrid, 1774.
- CORNIDE, J.: *Memorias sobre la pesca de la sardina, y ensayo sobre historia de los peces en Galicia*. A Coruña, 1788.
- DOMÍNGUEZ ORTIZ, Antonio: *El Antiguo Régimen: Los Reyes Católicos y los Austrias*. Alfaguara. Madrid, 1979.
- GARCÍA GALLO: "Los Fueros de Benavente". *Anuario de la Historia del Derecho Español*, páxs. 1.143-1.192.
- GARCIA BAYÓN, Carlos: "Catalanes en Galicia". *Rev. Irmandade*, nº 19 de 1967.
- GIL DE BERNABÉ, José Manuel: *Galicia artesana*. Ed. Everest. León, 1988.

27. AMP. Exp. de Propios e Arbitrios. C-127.

28. Novissima Recopilación. Libro VII. Titulo XXX, páx. 648.

- GONZÁLEZ, J.: “Fuero de Benavente de 1167”. *Hispania* 9, 1942, páxs. 619-626.
- KAMEN, Henry: *La España de Carlos II*. Ed. Crítica. Barcelona, 1981.
- LOPEZ FERREIRO, Antonio: *Galicia Histórica*, T-I. Santiago, 1901. Páxs. 161-169.
- LYNCH, John: *España bajo los Austrias* (T-II). Ed. Península. Barcelona, 1975.
- MEIJIDE PARDO, A.: “La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugardos: 1760-1830. Pedralbes”. *Revista de Historia Moderna*, nº 4. Barcelona 1984.
- MEIJIDE PARDO, Antonio; “Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII”. *Anuario Brigantino*, nº 16 de 1993. Páxs. 61-73.
- MEIJIDE PARDO, Antonio; *Economía marítima de Galicia cantábrica del s-XVIII*. Valladolid. 1971.
- MEIJIDE PARDO, Antonio: *El Puerto de la Coruña en el S-XVIII*. A Coruña, 1984.
- MÉNDEZ GARCÍA, Rosa e SÁENZ-CHAS DÍAZ, M^a Belén: *A cestería*. Caderno nº 7 do Museo do Pobo Galego. Santiago, 1993.
- PÉREZ CONSTANTÍ, Pablo: *Notas Viejas Galicianas (La industria pesquera en Galicia)*. Vigo, 1927. Reedición da Xunta de Galicia, Santiago, 1993.
- RODRIGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. Ed. Galaxia. Vigo, 1958. Voz Banastra.
- RUIZ DE LA PEÑA, J.: *La expansión del Fuero de Benavente*. Arquivos Leoneses, 1978.
- SANCHEZ SANZ, M^aElísa: *Cestería tradicional española*. Ed. Nacional. Madrid, 1982.
- VVAA: *Novísimo Diccionario de la Lengua Castellana*. Librería Garnier Hermanos, París, 1884. Voz Banastra.

FONTES DOCUMENTAIS.

Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP):

- Goberno: Libros de Actas capitulares.
- Facenda: Expts. do imposto de Banastrería.
- Facenda: Expts. relativos a *Diezma de la mar*.
- Facenda: Contas de Propios, arbitrios e consumos.
- Facenda: Libros de Acordos da Xunta de Propios.
- Cultura: Documentos relativos ó Arquivo Municipal.
- Patrimonio: Libro Rexistrador de Propiedades do Concello.